# Banco da pregunta

## Banco da pregunta

O **banco da pregunta** permite crear, previsualizar e editar preguntas dentro dunha Base de Datos.

Esta ferramenta proporciona as **categorías** para organizar as preguntas. As categorías poden estar limitadas á proba, ao curso ou ser visibles dende toda a aula virtual.




Licencia: Dominio público




Licencia: Dominio público

As **preguntas dunha categoría** poden engadirse a unha Proba, un Cuestionario ou unha Lección. É posible engadir:

- Todas as preguntas da categoría,

- Só algunhas escollidas manualmente
- Un número determinado delas escollidas aleatoriamente.

Tamén se poden escoller preguntas de distindas categorías para construir a proba.

# Categorias

As **categorías** permiten organizar as preguntas.

É **imprescindible** usalas, principalmente, **para identificar o bloque de contidos ao que pertence cada pregunta,** e, deste xeito, poder facer **probas equilibradas** que conteñan preguntas de todos os bloques de contido que queremos avaliar.

Por exemplo, no curso, creouse unha categoría por cada módulo. Se fixeramos unha proba final do curso, bastaría con coller algunhas preguntas de todas estas categorías, e así aseguraríamos que é unha proba equilibrada que avalía todos os contidos.

Hai unha **categoría predeterminada por curso**, dentro da cal debemos crear as nosas propias categorías para o noso curso. Estas categorías e as súas preguntas, só serán visibles a nivel do curso no que foron creadas.




Licencia: Dominio público

# Preguntas

As **preguntas** de Moodle podemos xestionalas dende a Administración do curso, dentro do Banco da pregunta, no menú Preguntas. Aquí poderemos crealas, editalas, eliminalas e cambialas de categoría.




[Licencia: Dominio público]

Ao premer o botón de **Crear unha pregunta** Moodle amosa os **tipos de preguntas** dispoñibles. Escolleremos a que nos interese e accederemos á súa pantalla de configuración. Aquí veremos algunhas delas.




[Licencia: Dominio público]

# Configuracións comúns

Hai opcións de configuración común a todos os tipos de preguntas:

- En **Xeral** teremos:
  - A **información para organizar a pregunta no Banco de preguntas**:  que por sempre o enunciado da pregunta
  - O **comentario xeral** da mesma. Sempre haberá varias respostas posibles, polo que Moodle tamén proporciona a posibilidade de proporcionar comentarios para cada unha desas respostas, pero có comentario xeral, podemos proporcionar unha explicación da resposta óptima, que se amosa ao alumno independientemente da súa escolla.




Licencia: Dominio público

- **Outras configuracións comúns**: Intentos múltiples, no caso de permitirse, podemos configurar a penalización e comentarios de cada intento. Tamén

podemos ver etiquetas e información de creación e modificación da pregunta.




Licencia: Dominio público

# Escolla múltipla

**Escolla múltipla** hai que escoller unha ou varias respostas de entre as posibles proporcionadas:




Licencia: Dominio público

Para **configurar** unha pregunta deste tipo:

- Poñemos o **enunciado** da pregunta e o **comentario xeral** onde se explica a solución óptima da pregunta. Tamén se a pregunta terá **unha ou varias respostas válidas**, entroutros:




[Licencia: Dominio público](#)

- Configuramos as **respostas posibles** da pregunta, e podemos por un comentario a cada unha delas (opcional).
  No caso de haber **varias respostas certas**, teríamos que **repartir a cualificación** entre elas, por exemplo, tres respostas certas, terían cada unha, unha cualificación dun 33,33333%.




[Licencia: Dominio público]

# Verdadeiro/Falso

**Verdadeiro/Falso,** este tipo de preguntas vense deste xeito:




Licencia: Dominio público

Para **configurar** unha pregunta deste tipo poñemos o **enunciado** da pregunta e o **comentario xeral** onde se explica a solución óptima da pregunta, e a **resposta correcta** (verdadeiro ou falso):



Licencia: Dominio público

# Resposta curta

**Resposta curta,** este tipo de preguntas vense deste xeito:




Licencia: Dominio público

Para **configurar** unha pregunta deste tipo poñemos o **enunciado** da pregunta e o **comentario xeral** onde se explica a solución óptima da pregunta, e a **resposta correcta**. Se admitísemos **varias respostas** poderíamos engadilas e decidir a cualificación será a mesma para todas as posibles respostas (varias respostas igualmente correctas) ou diferente (unha resposta mellor ca outra).




Licencia: Dominio público

# Numérica

**Numérica,** este tipo de preguntas vense deste xeito:




Licencia: Dominio público

Para **configurar** unha pregunta deste tipo poñemos o **enunciado** da pregunta e o **comentario xeral** onde se explica a solución óptima da pregunta, a **resposta correcta** e se calificamos as unidades ou non.






Licencia: Dominio público

# Calculadas

As **preguntas calculadas** ofrecen unha forma de crear preguntas numéricas individuais por medio do uso de **variables** que son sustituidas por valores concretos cando se responde ao cuestionario.




Licencia: Dominio público

A súa configuración, especialmente á pregunta calculada, é un pouco máis complexa cás vistas ata o de agora, pero todas elas, **Calculada, Calculada simple e Calculada multiescolla** se configuran de forma semellamente a como se explica a continuación.

- **Configuración xeral**, que **incluirá variables** no enunciado da pregunta e na resposta:




[Licencia: Dominio público]

- Ao premer "Gardar modificacións" pasamos á **configuración dos parámetros.** Primeiro  decidimos se imos **por en común variables e datos** para outras preguntas do banco ou non:




[Licencia: Dominio público]

- Logo, prememos "Seguinte" e chegamos ao momento de **xerar os conxuntos de datos** para as nosas variables e gardalos:






[Licencia: Dominio público]

- Unha vez gardamos o primeiro conxunto de datos, poderemos ver tantos **conxuntos de datos** gardados como teñamos indicado no campo Display. Tamén poderemos eliminar eses conxuntos de datos:




Licencia: Dominio público

# Coincidentes

**Coincidentes** hai que emparellar cada opción suxerida coa resposta asociada. Sempre deben por máis respostas das necesarias para evitar o acerto por eliminación:




Licencia: Dominio público

Para **configurar** unha pregunta deste tipo poñemos o **enunciado** da pregunta e o **comentario xeral** onde se explica a solución óptima da pregunta. E as opcións suxeridas (preguntas) coas respostas asociadas, máis algunha resposta errónea:






[Licencia: Dominio público](#)

# Emparellamento ao chou de respostas curtas

Como unha **pregunta de emparellamento ou coincidentes**, mais **creada ao chou a partires das preguntas de resposta curta** dunha categoría en concreto.

Os inconvenientes son que non permite dar formato as opcións, nin engadir respostas erróneas a maiores, de xeito que por eliminación pode chegar a facerse o emparellamento:




Licencia: Dominio público

Pero a súa **configuración** é moi sinxela: escoller categoría e número de preguntas a engadir.




[Licencia: Dominio público]

# Respostas incorporadas (Cloze)

**Respostas incorporadas ou Cloze** é un tipo de pregunta moi potente xa que permite incluir varios tipos de resposta nun mesmo texto. Por exemplo, na imaxe de exemplo, hai multiescolla e resposta curta:




[Licencia: Dominio público]

Na súa **configuración** teremos que empregar o editor de preguntas de cloze:



[Licencia: Dominio público]

O proceso **para crear a pregunta cloze** é o seguinte:

1. Escribimos o enunciado do exercicio.
2. Onde queiramos por unha resposta para o alumnado, prememos a ferramenta para acceder ao editor Cloze  e:
    - Escollemos o tipo de resposta
    - Escribimos o valor ou valores posibles
    - Asignamos a cualificación aos valores
    - Insertamos




[Licencia: Dominio público]

Unha vez insertadas todas as cuestións, o noso enunciado quedaría cuns **códigos insertados** que identifican o tipo de pregunta, os posibles valores e tamén a cualificación de cada un deles:




Licencia: Dominio público

# Drag and drop

**Drag and drop** permiten arrastrar termos para identificar partes dunha imaxe ou completar textos. A previsualización dunha pregunta Drag and drop onto image:




Licencia: Dominio público

A **configuración** das dúas preguntas deste tipo, Drag and drop into text e image, é semellante. Seguimos os seguintes pasos:

- Poñemos o título e o comentario xeral da pregunta.
- Engadimos a **imaxe** sobre a que imos colocar os bloques cós termos:




Licencia: Dominio público

Agora **engadimos os items ou termos** que queremos que o alumnado identifique na imaxe:




Licencia: Dominio público

- A continuación, hai que **escoller os items para asignarlles unha zona** sobre a imaxe. *Só os escollemos, non poñemos as coordenadas*. Esto o fará o Moodle de xeito automático cando coloquemos os items sobre a imaxe:




Licencia: Dominio público

- Agora imos á previsualización e comprobamos que o Moodle engadiu uns cadradiños na parte inferior da imaxe, cós items escollidos. **Arrastramos os cadrados cós items as zonas da imaxe** que corresponda:




Licencia: Dominio público

- Unha vez rematado, **cada item debe quedar na zona da imaxe correcta**:




Licencia: Dominio público

- **Comprobamos que as coordenadas das zonas se cubriron** automáticamente e **gardamos** a pregunta:




Licencia: Dominio público

# Ordering

**Ordering** é un tipo de pregunta que amos os pasos dun procedemento en bloques que o alumnado debe colocar ordenadamente, arrastrando os bloques.




Licencia: Dominio público

Para **configurar** unha pregunta deste tipo poñemos o **enunciado** da pregunta e o **comentario xeral** onde se explica a solución óptima da pregunta, e **os pasos ordeados**. Tamén se poderá escoller o formato de presentación dos bloques:




Licencia: Dominio público

# Select missing words

**Palabras ocultas** é un tipo de pregunta que inclúe despregables con varias opcións de escolla para completar un texto.




[Licencia: Dominio público]()

A **configuración** deste tipo de pregunta debe seguir os seguinte pasos:

1. **Para cada palabra oculta** definiranse **varias respostas posibles**, e **todas elas pertencerán ao mesmo grup**o.
2. No texto, onde tería que ir a palabra, **ponse o código [[número de escolla correcta do seu grupo]]**






Licencia: Dominio público

# Proba (test)

**Proba** é unha actividade tipo test, que pode misturar preguntas diferentes tipos e de diferentes categorías.

Para **crear unha proba** a engadimos como outra actividade calquera:

- **Activamos edición**
- **Escollemos a proba** de entre as actividades:




[Licencia: Dominio público]

- Logo imos a **acceder á súa pantalla de configuración** na cal veremos o **bloque de administración da proba**, dende o cal se pode:
  - **Editar a configuración da proba**, para cambiar algunha das súas opcións de configuración.
  - **Editar a proba**, para xestionar o contido da proba: nº preguntas, paxinación, etc.




Licencia: Dominio público

# Configurar a proba

A **configuración** dunha proba segue os seguintes pasos:

- En **xeral** o nome, a descripción e a data e hora de apertura e peche da proba.




Licencia: Dominio público

- Na **cualificación** indicaremos:

- A **categoría** na que vaia puntuar a proba (unidade didáctica ou avaliación, dependerá das categorías creadas no libro de cualificacións). *Verase cómo facer o libro de cualificacións no seguinte módulo.*
- Os **intentos permitidos** e, no caso de que haxa máis dun,
- Cómo **calcular a nota final da proba**.




Licencia: Dominio público

- Logo configuramos cómo se **distribúen as preguntas** na proba, **cándo se fan as entregas** e se **presentan os comentarios**:




[Licencia: Dominio público]

- En **presentar e restriccións nos reintentos**, poderemos configurar algunha **condición de seguridade** interesante:




Licencia: Dominio público

- O resto das **opcións de configuración son comúns ás outras actividades**. Logo prememos "**Gardar e mostrar**" para "**Editar a proba**".

# Editar a proba

Para **editar a proba** temos dúas posibilidades:

- Se a proba xa está feita, haique **acceder á súa configuració**n e premer, no **bloque de administración da proba**, en "**Editar proba**"
- **Se vimos de creala**, de rematar á súa configuración, ao premer "**Gardar e mostrar**" entramos na edición da proba.




Licencia: Dominio público

Despois accedemos á **pantalla de edición da proba**, onde poderemos:

- Xestionar as súas preguntas
- Xestionar a súa presentación (paxinación, distribución de preguntas, ...)




Licencia: Dominio público

Para **engadir preguntas** temos dúas opcións:

- **Engadir aleatoriamente** un número determinado de preguntas dunha categoría. *Cada vez que se abra a proba Moodle escolle ese nº de preguntas da categoría, deste xeito pode cambiar as preguntas dunha vez a outra.*




Licencia: Dominio público

- **Engadir manualmente as preguntas**: así poderemos escoller mezclar preguntas de distintas categoría, e escoller o número que queiramos de cada unha delas. *A proba sempre terá as mesmas preguntas cada vez que se abra.*




Licencia: Dominio público

Antes de rematar, damos formato á proba. Para esto:

- **Repaxinamos**: escollemos o número de preguntas por páxina e engadimos ou eliminamos páxinas.




Licencia: Dominio público

- Comprobamos, coa **Vista previa**, que a **distribución das preguntas** é a correcta, senón poderiamos recolocalas.




Licencia: Dominio público

Se non nos gusta á distribución, volvemos á edición e **movemos as preguntas** entre páxinas:




Licencia: Dominio público

**Rematamos, premendo "Gardar".**

Obra publicada con Licencia Creative Commons Reconocimiento Compartir igual 4.0